

**Maio, maíño
ponte de pé,
a ver se gañamos
para un café.**

**Maio, maíño
ponte de lado,
a ver se gañamos
para un xeado.**

Este ano en Laredo
non paramos de viaxar
a rebolos polo mundo
por aire, terra e mar.

Desde Londres ao Xapón
todos xuntos viaxamos;
como está tan caro o avión
todo nolo imaxinamos.

Vimos momias en Exipto,
unha ópera en Australia,
agora toca ir a Bali
para descansar na praia.

De aeroporto en aeroporto
fai e desfai a maleta;
antes de que chegue o verán
recorremos o planeta!

Os rapaces de Laredo
estamos fartos de viaxar;
só queremos sair ó patio
e estar todo o día a xogar!

**Xa chegaron estes Maio
e imos a protestar
porque hai moitos deberes
e moito que traballar.**

Inda que somos cativos
xa sabemos traballar,
fixemos a nosa horta
para aprender a cultivar.

A rebolos polo mundo
levamos o curso enteiro,
coa mochila viaxeira
e cantando unha muiñeira.

Nos recreos de Laredo
coidamos do invernadoiro;
plantas, flores e amorodos
regamos con moito esmero.

**Quedan menos de dous meses
para rematar o cole;
os de sexto botaremos
moito de menos aos profes.**

Xa chegou a primavera
xa hai menos que estudar;
pronto xa virá a festa
e as vacacións de verán.

Este curso as tartarugas
tardaron moito en chegar
por faceres o Camiño
amodiño, devagar.

Queremos ter máis saídas,
viaxando por Galicia,
ir cantando unhas cantigas
en moi boa compañía.

Nós fixemos este Maio
para poder concursar,
pero non nos conformamos
solo con vir a cantar.

Ata aquí o noso Maio
feito con moita ilusión
a ver se nos dan un premio
para ir de excursión.

Este é o noso Maio
feito con moita alegría,
esperemos que vos guste
e pasedes un bo día.

Redondela 010524

